



BASES PARA A SELECCIÓN DE TRES OPERARIOS (PEÓN - GRUPO COTIZACION 10) EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto da presente convocatoria a provisión, mediante o sistema de concurso, en réxime de dereito laboral temporal, de tres operarios para apoio os servizos básicos municipais do Concello de A Rúa, financiado co programa provincial de cooperación en materia de empregabilidade da Deputación Provincial de Ourense.

2.- TIPO DE CONTRATO E DURACIÓN.

O contrato laboral que se realizará coas persoas seleccionadas, será de duración determinada (eventual por circunstancias da produción) a xornada completa, polo prazo de tres meses, segundo o artigo 5.1 do Real decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada, e baixo a modalidade de obra ou servizo, ó abeiro do artigo 15.1.b) do Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, lexislación que lle será aplicable sen prexuízo do disposto na lexislación que sexa de aplicación ó persoal ao servizo das Administracións Públicas e especialmente a administración local.

3.- CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO.

Número de postos de traballo: TRES.

Clase: persoal laboral temporal.

Denominación do posto: OPERARIO - PEON

Duración: A contratación farase pola duración de tres meses, baixo a modalidade de contratación laboral temporal a tempo completo (eventual por circunstancias da produción).

Funcións: apoio a servizos básicos do concello conforme a planificación dos traballos que ao efecto sinale o Alcalde o persoa designada.

As funcións propias asignadas o posto de traballo serán nos seguintes servizos:

- Limpeza, arranxo, embelecemento e mantemento de beirarrúas en todo o termo municipal (A Rúa, Roblido, San Xulian, Somoza, Vilela)
- Limpeza, arranxo, mantemento instalacións do concello (pavillón, centro cultural avenida, centro de saúde, casa da cultura, casa do concello)
- Limpeza, arranxo e mantemento zonas axardinadas do concello.
- Mantemento de instalacións municipais.
- Labores de xardinería.
- Responsabilizarse do material de traballo que manexe.
- Adecuarse ás esixencias, que con carácter ocasional e en termos de flexibilidade horaria, suscite o cumprimento do programa de traballo



establecido e as necesidades do servizo valoradas polo seu responsable superior.

- Cualesqueira outras funcións, ademais das descritas, acordos coa cualificación requirida para o acceso e desempeño do posto, que puidesen xurdir dentro do área da súa competencia e sexanlle encomendadas polos seus superiores xerárquicos.

Categoría: Operario (Peón - grupo de cotización nº 10)

Retribucións : 1.290,61 euros mesuais (incluído prorrateo pagas extras) Convenio colectivo de persoal laboral do concello de A Rúa.

4.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para tomar parte no proceso selectivo, os e as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, consonte ó disposto no artigo 52 da Lei 2/2.015, do 29 de Abril, do emprego Público de Galicia, permita o acceso ó emprego público en Galicia, así como estranxeiros que teñan a súa residencia legal en España. (Se achegará fotocopia compulsada do D.N.I. ou da tarxeta de residencia).
- b) Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía. (Acreditarase mediante declaración na instancia de solicitude).
- c) Ter feitos os dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións e tarefas. (Acreditarase mediante declaración na instancia da solicitude).

5.- CONVOCATORIA

As solicitudes (Anexo I) requirindo tomar parte no correspondentes proceso de selección, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente deste Concello e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeneral deste Concello (arua. sedeelectronica.gal) ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de cinco



días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

As bases íntegras publicaranse na sede electrónica deste Concello [dirección <https://arua.sedelectronica.gal>] e no Taboleiro de Anuncios do concello

Nas instancias solicitarase a admisión ó proceso selectivo e xuntaranse copias dos documentos que acrediten os méritos que se aducen, así como do D.N.I., declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin de atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos públicos por resolución xudicial, declaración xurada de non atoparse incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade, e declaración xurada ou certificado médico de non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo.

Os sucesivos anuncios de esta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse na sede electrónica do Concello da Rúa e no Taboleiro de anuncios do Concello da Rúa.

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución no prazo de tres (3) días declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará na sede electrónica deste Concello [arua.sedelectronica.gal] e no Taboleiro de Anuncios do concello sinalarase un prazo de tres (3) días hábiles para corrección.

Transcorrido o prazo de corrección, pola Alcaldía aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará na sede electrónica deste Concello e no Taboleiro de Anuncios.

6.- BAREMO DE MÉRITO

Baremo de puntuación dos méritos, así como forma de xustificación por parte dos interesados/as:

1. Experiencia Profesional: (Máximo 6 puntos)

- Experiencia laboral en categoría igual: puntuarase con 0,10 puntos por mes traballado.

Rexeitaranse as fraccións de tempo inferiores ó mes, e os contratos de xornada inferior á xornada completa valoraranse de xeito proporcional.

Acreditarase mediante a presentación de certificado de vida laboral actualizada, e copia compulsada dos contratos de traballo ou certificados de empresa o servizos prestados. A experiencia que non se considere debidamente xustificada non se puntuará.

2. Formación : (máximo 3 puntos)



-Por asistencia a cursos organizados por administracións públicas ou homologados, relacionados coas funcións do posto,

Cursos de 20 horas a 50 horas 0,25 puntos
Cursos de 51 horas a 100 horas 0,50 puntos
Cursos de máis de 100 horas.....1 punto

Acreditarase mediante a presentación de copia compulsada dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa co número de horas, no caso de que non estableza as horas, considerárase inferior a 20 horas, non outorgándosele puntuación.

3. Coñecemento da Lingua Galega (Máximo 1 punto).

Valorarase o coñecemento da lingua galega acreditado polos cursos e titulacións homologadas pola Xunta de Galicia (só se valorará o grao superior alegado)

- Celga 1: 0,25 puntos
- Certificado do curso de iniciación ó galego ou Celga 2: 0,50 puntos
- Certificado do curso de perfeccionamento ó galego ou Celga 3: 0,75 puntos
- Celga 4: 1 punto

4. Coñecemento do territorio :

- Polo coñecemento acreditado do territorio : 2 puntos

Acreditarase con certificado de empadronamento neste concello durante un periodo mínimo de seis meses.

5. Outros méritos:

Posuír permiso de conducir clase B ou superior en vigor: 1 punto.

No suposto de empate a puntos entre varios aspirantes atenderase á maior puntuación obtida por experiencia profesional. De persistir o empate terase en conta en seguinte lugar a puntuación en formación previa, coñecemento en galego e permiso de conducir. Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.

7. TRIBUNAL SELECCIONADOR .

O Tribunal cualificador estará formado polos seguintes membros designados polo Sr. Alcalde:

- Presidente: Un/ha funcionario/traballador do Concello da Rúa.
- Secretario/a: Un/ha funcionario/traballador do Concello da Rúa.
- Vogais: : Un funcionario/ traballadore do Concello da Rúa.



Concello A Rúa de Valdeorras
Praza José Antonio Míguez Freire nº 1
32350 - A RÚA (Ourense)
P-3207300-I

Teléfono 988 310 116
Fax 988 311 321

As persoas substitutas, de se-lo caso, serán nomeadas polo Sr. Alcalde no momento oportuno.

8. CONTRATACIÓN.

Os/as candidatos/as seleccionados serán contratados en virtude de Resolución do Sr. Alcalde da Corporación, sendo obxecto de publicación na Sede Electrónica e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Constituirase unha bolsa de emprego para a substitución do persoal seleccionado cos primeiros candidatos que obtiveran a maior puntuación para realizar posibles contratacións de baixas, substitucións de vacacións e días de libre disposición. A vixencia da bolsa será a da duración da contratación.

9. RECURSOS.

Contra as presentes bases, que poñen fin á vía administrativa, pódese interpoñer alternativamente o recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación do presente anuncio, ante a Alcaldía deste Concello da Rúa, de conformidade cos artigos 123 y 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte o da publicación do presente anuncio, de conformidade con el artigo 46 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si se optara por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio. Todo elo sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

A Rúa a 15 de maio de 2020
O Alcalde



Alvaro José Fernández López



ANEXO I

Don/Dona maior de idade, con D.N.I. núm. , con domicilio a efectos de notificacións en, provisto do teléfono núm. e correo electrónico

EXPÓN:

Que ten coñecemento da convocatoria realizada polo Concello de A Rúa para cubrir mediante concurso, valoración de méritos, unha praza de persoal laboral temporal de Operario (Peon).

Considera que reúne os requisitos previstos nas bases da convocatoria, e solicita participar no proceso, achegando a fotocopia compulsada do seu DNI, e os seguintes documentos para que poidan ser tidos en conta na valoración dos méritos.

.....

Que autorizo ó Concello de A Rúa para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, na Sede electrónica e no taboleiro de anuncios do concello, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

A Rúa a

Asdo.:

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DA RUA



ANEXO II

D/D^a....., con
DNI nº.....e domicilio a efectos de notificación en
.....en relación as bases
aprobadas polo Concello da Rúa para a selección de tres operarios.

Declaro baixo xuramento:

- Que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou órgano constitucional ou estatutario da Comunidade Autónoma.
- Que non me atopo/a en inhabilitación absoluta ou especial para empregos públicos por resolución xudicial.
- Que non me atopo/a incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade.
- Que non padezo/a enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desenvolvemento das funcións correspondentes ó posto de traballo.

A Rúade.....de 2020

Asdo.: